

SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS - CURSO 2011-2012

Rematado o prazo previsto pola resolución desta Vicerreitoría do día 9 de agosto de 2011, para que as persoas admitidas no Servizo Universitario de Residencias (SUR), curso 2011-2012, fixeran o depósito da fianza e, no caso de interesarlles, solicitaran o cambio do centro inicialmente asignado, e para que as persoas que estaban na lista de agarda confirmaran o seu desexo de seguir optando a unha praza no SUR,

Esta Vicerreitoría, tendo en conta que o incumprimento do trámite do abono da fianza implica a renuncia á praza de aloxamento concedida, **resolve**:

1. Proceder ao movemento da lista de agarda. As persoas que nela figuran están admitidas no centro que se lles asigna.
2. Conceder aos interesados, en función da dispoñibilidade do sector ao que pertencen, o novo centro solicitado.
3. Elaborar unha nova lista de agarda.

De acordo co establecido nos puntos 11 e 12 da Convocatoria:

a) As persoas admitidas dispoñen ata as 14 horas do día 2 de setembro, para entregar no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil, 1ª planta, Campus Vida, Santiago de Compostela, ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **o xustificante do ingreso de 150 euros en concepto de fianza** na conta da USC nº 2091 0388 98 3110001172 de novacaixagalicia, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 7, 15706 – Santiago de Compostela. O pagamento poderá facerse tamén en novacaixagalicia mediante os impresos normalizados dispoñibles no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, e que tamén poderán descargarse da páxina web do SUR <http://www.usc.es/sur/>, ou mediante transferencia bancaria en cuxo xustificante deberá figurar o nome da/do estudante e o Centro onde foi admitida/o.

O devandito xustificante de ingreso poderá enviarse por **correo electrónico ao enderezo sur@usc.es ou por Fax ao número 881 814 559** responsabilizándose a persoa que o envía de que sexa lexible no punto de destino, se non fora lexible quedará excluída.

Só a entrega deste xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da/do solicitante, polo tanto o ingreso na entidade bancaria non é suficiente.

No caso de non cumprir o trámite de remisión do xustificante, entenderase que renuncia á praza concedida, non admitíndose ningún xustificante de pagamento nin reclamación fóra do prazo establecido.


b) Cambio de centro: O **estudantado de nova admisión** interesado en pedir cambio de centro, terá que solicitalo no momento da entrega do xustificante do ingreso da fianza. Para isto cubrirá o impreso que para tal efecto está dispoñible no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante este órgano, sen que neste caso se poida interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2011

O VICERREITOR DE ESTUDANTES, CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

(P.D., R.R. do 1 de agosto de 2011, DOG do 18 de agosto)



Francisco R. Durán Villa